# PLENO DO PARLAMENTO

***4 de novembro de 2025***

***10.00 horas***

*Servizo de Asistencia Parlamentaria*

## ÍNDICE

***Páx.***

**Convocatoria do Pleno** ........................................................................... 1
**Relación de membros da Cámara** ............................................................. 9
**Listado para votación** ............................................................................ 11

**Punto 1 Comparecencias** ........................................................................ 14

1.1 37665 (12/CPP-000072)
Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais ........................................................................ 15

Acumúlase na anterior: ............................................................................. 18

1.2 32610 (12/CPP-000059)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Da conselleira de Medio Rural, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu entorno, nos animais, cultivos, pastos, montes e superficie forestal arrasada polas lapas; as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e as medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247f3, do 03.09.2025* ……………………… 19

**Punto 2. Mocións** ................................................................................... 23

2.1 37567 (12/MOC-000086)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel
Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26622, publicada no BOPG 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.) ............................................................................ 24

2.2 37617 (12/MOC-000087)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35773, publicada

no BOPG 265f2, do 08 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)....................29

2.3 37622 (12/MOC-000088)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia
Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35296, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)....................35

**Punto 3. Proposicións non de lei....................**39

3.1 21775 (12/PNP-001744)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 13 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congresos dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico
*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 175f1, do 19.03.2025*....................40

3.2 30453 (12/PNP-002343)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 238f2, do 20.08.2025*....................44

3.3 31234 (12/PNP-002372)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025*....................49

3.4 35438 (12/PNP-002605)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025*....................55

3.5 35682 (12/PNP-002622)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*....................................60

3.6 37076 (12/PNP-002728)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f1, do 22.10.2025*....................................66

**Punto 4. Interpelacións**.....................................................................................74

4.1 35488 (12/INT-001294)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor
Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*....................................75

4.2 36026 (12/INT-001321)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*....................................80

4.3 37225 (12/INT-001357)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia
*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*....................................85

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**....................................91

5.1 37706 (12/POPX-000059)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego....................................................................................................92

5.2 37707 (12/POPX-000060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública.....................................................................................................................96

**Punto 6. Preguntas ao Goberno.....................................................100**

6.1 35112 (12/POP-005084)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*..................................101

6.2 35006 (12/POP-005052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*..................................107

6.3 37117 (12/POP-005307)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*..................................112

6.4 36432 (12/POP-005249)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*..................................116

6.5 35657 (12/POP-005156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f3, do 15.10.2025*.................................. 121

6.6 35892 (12/POP-005180)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f3, do 15.10.2025*.................................. 126

6.7 37702 (12/PUP-000161)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a situación do Centro de Saúde de Pontecarreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial.................................. 131

6.8 37705 (12/PUP-000162)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama.................................................................................. 136

6.9 34827 (12/POP-005021)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 263f2, do 01.10.2025*.................................. 142

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 10520
Data envio: 28/10/2025 16:53:53.986

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar a súa sesión o próximo día 4 de novembro de 2025, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 28 de outubro de 2025, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1. Comparecencias**

1.1 37665 (12/CPP-000072)

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 32610 (12/CPP-000059)

Da conselleira de Medio Rural, por petición das vinte e cinco deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu entorno, nos animais, cultivos, pastos, montes e superficie forestal arrasada polas lapas; as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e as medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247f3, do 03.09.2025*

**Punto 2. Mocións**

2.1 37567 (12/MOC-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26622, publicada no BOPG 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

2.2 37617 (12/MOC-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego (Moción consecuencia da Interpelación doc.

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

núm. 35773, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

2.3 37622 (12/MOC-000088)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35296, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

**Punto 3. Proposicións non de lei**

3.1 21775 (12/PNP-001744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 13 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congresos dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 175f1, do 19.03.2025*

3.2 30453 (12/PNP-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 238f2, do 20.08.2025*

3.3 31234 (12/PNP-002372)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025*

3.4 35438 (12/PNP-002605)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente,

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 10520
Data envío: 28/10/2025 16:53:53.986

en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025*

3.5 35682 (12/PNP-002622)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*

3.6 37076 (12/PNP-002728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f1, do 22.10.2025*

**Punto 4. Interpelacións**

4.1 35488 (12/INT-001294)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*

4.2 36026 (12/INT-001321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f1, do 15.10.2025*

4.3 37225 (12/INT-001357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG n.º 272f2,*

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*do 22.10.2025*

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia**

5.1 37706 (12/POPX-000059)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón
Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego

5.2 37707 (12/POPX-000060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública

**Punto 6. Preguntas ao Goberno**

6.1 35112 (12/POP-005084)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*

6.2 35006 (12/POP-005052)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f2, do 08.10.2025*

6.3 37117 (12/POP-005307)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*

6.4 36432 (12/POP-005249)

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Deza Martínez, María e 8 máis
Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f2, do 22.10.2025*

6.5 35657 (12/POP-005156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f3, do 15.10.2025*

6.6 35892 (12/POP-005180)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f3, do 15.10.2025*

6.7 37702 (12/PUP-000161)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a situación do Centro de Saúde de Pontecarreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial

6.8 37705 (12/PUP-000162)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama

6.9 34827 (12/POP-005021)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis
Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 263f2, do 01.10.2025*

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.10.28 16:46:59 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 10520
Data envio: 28/10/2025 16:53:53.986

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 28/10/2025 16:46:59**

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 10520
Data envio: 28/10/2025 16:53:53.986

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 16:53:56

CSV: REXPG-XpkYjN17R-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# RELACIÓN DE MEMBROS DE
# **PLENO DO PARLAMENTO**
POR ORDE ALFABÉTICA

| | |
|---|---|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Victor Manuel Baladrón Lamas | P |
| Xosé Luís Bará Torres | BNG |
| Enrique Barreiro Sánchez | P |
| Aitor Bouza Manso | S |
| Diego Calvo Pouso | P |
| Cristina Campero Dorado | P |
| María Elena Candia López | P |
| Iria Carreira Pazos | BNG |
| Juan Manuel Casares Gándara | P |
| Daniel Castro García | BNG |
| Paloma Castro Rey | S |
| Saleta Chao Rivas | BNG |
| María Elena Espinosa Mangana | S |
| Ramón Tomás Fernández Alfonzo | BNG |
| María Cristina Fernández Davila | BNG |
| Secundino Fernández Fernández | BNG |
| Alexandra Fernández Gómez | BNG |
| Ariadna Fernández González | BNG |
| Jesús María Fernández Rosende | P |
| José Luis Ferro Iglesias | P |
| Miguel Fidalgo Iglesias | P |
| Julio García Comesaña | P |
| Patricia García González | P |
| José Manuel Golpe Acuña | BNG |
| José Ramón Gómez Besteiro | S |
| Carmela González Iglesias | BNG |
| Nicole Grueira Fernández | P |
| María Dolores Hermelo Piñeiro | P |
| Patricia Iglesias Rey | S |
| Óscar Insua Lema | BNG |
| Silvia Longueira Castro | S |
| Carlos López Font | S |
| Rubén Lorenzo Gómez | P |
| Argimiro Marnotes Fernández | P |
| José Manuel Mato Díaz | P |
| Lara Méndez López | S |
| Paula Mouzo Mas | P |
| Armando Ojea Bouzo | M |
| José Alberto Pazos Couñago | P |
| Rosana Pérez Fernández | BNG |
| Noelia Pérez López | P |
| María Magdalena Pérez Millares | P |
| Carmen María Pomar Tojo | P |

| | |
|---|---|
| Ana Belén Pontón Mondelo | BNG |
| María Montserrat Prado Cores | BNG |
| Paula Prado del Río | P |
| Noa Olalla Presas Bergantiños | BNG |
| Mercedes Queixas Zas | BNG |
| Paulo Ríos Santomé | BNG |
| Olalla Rodil Fernández | BNG |
| María Felisa Rodríguez Carrera | P |
| Ángel Rodríguez Conde | P |
| María del Carmen Rodríguez Dacosta | S |
| Román Rodríguez González | P |
| Roberto Rodríguez Martínez | P |
| Moisés Rodríguez Pérez | P |
| Brais Ruanova Vilas-Boas | BNG |
| Alfonso Rueda Valenzuela | P |
| Miguel Ángel Santalices Vieira | P |
| Raúl Santamaría González | P |
| Manuel Santos Costa | P |
| Cristina Sanz Arias | P |
| Iago Suárez Fernández | BNG |
| Iago Tabarés Pérez-Piñeiro | BNG |
| Iria Taibo Corsanego | BNG |
| Gonzalo Trenor López | P |
| Montserrat Valcárcel Armesto | BNG |
| Katherinie Varela Fernández | P |
| Ethel María Vázquez Mourelle | P |
| Cecilia Vázquez Suárez | P |
| Borja Verea Fraiz | P |
| Sonia Vidal Lamas | BNG |
| Miguel Ángel Viso Diéguez | P |

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia**
**XII Lexislatura**
(actualizada o 29 de outubro de 2025)
**Para votación por chamamento**

| APELIDOS E NOME | GP | SI | NON | ABS |
|---|---|---|---|---|
| 1. Amigo Díaz, Encarnación | P | | | |
| 2. Arias Rodríguez, Raquel | P | | | |
| 3. Baladrón Lamas, Victor Manuel | P | | | |
| 4. Bará Torres, Xosé Luís | BNG | | | |
| 5. Barreiro Sánchez, Enrique | P | | | |
| 6. Bouza Manso, Aitor | S | | | |
| 7. Campero Dorado, Cristina | P | | | |
| 8. Carreira Pazos, Iria | BNG | | | |
| 9. Casares Gándara, Juan Manuel | P | | | |
| 10. Castro García, Daniel | BNG | | | |
| 11. Castro Rey, Paloma | S | | | |
| 12. Espinosa Mangana, María Elena | S | | | |
| 13. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás | BNG | | | |
| 14. Fernández Davila, María Cristina | BNG | | | |
| 15. Fernández Fernández, Secundino | BNG | | | |
| 16. Fernández Gómez, Alexandra | BNG | | | |
| 17. Fernández González, Ariadna | BNG | | | |
| 18. Fernández Rosende, Jesús María | P | | | |
| 19. Ferro Iglesias, José Luis | P | | | |
| 20. Fidalgo Iglesias, Miguel | P | | | |
| 21. García Comesaña, Julio | P | | | |
| 22. García González, Patricia | P | | | |
| 23. Golpe Acuña, José Manuel | BNG | | | |
| 24. Gómez Besteiro, José Ramón | S | | | |
| 25. González Iglesias, Carmela | BNG | | | |
| 26. Grueira Fernández, Nicole | P | | | |
| 27. Hermelo Piñeiro, María Dolores | P | | | |
| 28. Insua Lema, Óscar | BNG | | | |
| 29. Longueira Castro, Silvia | S | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 30. López Font, Carlos | S | | | |
| 31. Lorenzo Gómez, Rubén | P | | | |
| 32. Marnotes Fernández, Argimiro | P | | | |
| 33. Mato Díaz, José Manuel | P | | | |
| 34. Méndez López, Lara | S | | | |
| 35. Mouzo Mas, Paula | P | | | |
| 36. Ojea Bouzo, Armando | M | | | |
| 37. Pazos Couñago, José Alberto | P | | | |
| 38. Pérez Fernández, Rosana | BNG | | | |
| 39. Pérez López, José Daniel | BNG | | | |
| 40. Pérez López, Noelia | P | | | |
| 41. Pérez Millares, María Magdalena | P | | | |
| 42. Pomar Tojo, Carmen María | P | | | |
| 43. Pontón Mondelo, Ana Belén | BNG | | | |
| 44. Prado del Río, Paula | P | | | |
| 45. Presas Bergantiños, Noa Olalla | BNG | | | |
| 46. Queixas Zas, Mercedes | BNG | | | |
| 47. Ríos Santomé, Paulo | BNG | | | |
| 48. Rodil Fernández, Olalla | BNG | | | |
| 49. Rodríguez Carrera, María Felisa | P | | | |
| 50. Rodríguez Conde, Ángel | P | | | |
| 51. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | S | | | |
| 52. Rodríguez Martínez, Roberto | P | | | |
| 53. Rodríguez Pérez, Moises | P | | | |
| 54. Ruanova Vilas-Boas, Brais | BNG | | | |
| 55. Santamaría González, Raúl | P | | | |
| 56. Santos Costa, Manuel | P | | | |
| 57. Sanz Arias, Cristina | P | | | |
| 58. Súarez Fernández, Iago | BNG | | | |
| 59. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | BNG | | | |
| 60. Taibo Corsanego, Iria | BNG | | | |
| 61. Trenor López, Gonzálo | P | | | |
| 62. Valcarcel Armesto, Montserrat | BNG | | | |
| 63. Varela Fernández, Katherinie | P | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 64. Vázquez Suárez, Cecilia | P | | | |
| 65. Verea Fraiz, Borja | P | | | |
| 66. Vidal Lamas, Sonia | BNG | | | |
| 67. Viso Diéguez, Ángel | P | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MEMBROS DO GOBERNO** | | | | |
| 68. Calvo Pouso, Diego | P | | | |
| 69. Rodríguez González, Román | P | | | |
| 70. Rueda Valenzuela, Alfonso | P | | | |
| **DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO** | | | | |
| 71. Iglesias Rey, Patricia | S | | | |
| 72. Vázquez Mourelle, Ethel María | P | | | |
| 73. Prado Cores, María Montserrat | BNG | | | |
| 74. Candia López, María Elena | P | | | |
| 75. Santalices Vieira, Miguel Ángel | P | | | |

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

1. Comparecencias

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

1.1 37665(12/CPP-000072)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
**Nº Rexistro: 37665**
Data envío: 27/10/2025 14:04:40.990
Data 27/10/2025 14:04

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira do Medio Rural, para **informar dos resultados do Pladiga 2025 e das propostas de futuro en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-pTRdoNTbL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/10/2025 14:04:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37665
Data envio: 27/10/2025 14:04:40.990

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 14:04:40**

CSV: REXPG-pTRdoNTbL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

Acumúlase na anterior a seguinte:

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

1.2 32610(12/CPP-000059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da conselleira de Medio Rural, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu entorno, nos animais, cultivos, pastos, montes e superficie forestal arrasada polas lapas; as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e as medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos

*Publicación da iniciativa, 247f3, 03.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:15:30
Nº Rexistro: 32610
Data envío: 28/08/2025 11:15:30.492

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira do Medio Rural** para dar conta do impacto dos grandes lumes forestais de agosto de 2025 nos concellos afectados, tanto nas explotacións agrogandeiras e forestais coma nos núcleos de poboación e o seu entorno, nos animais, cultivos, pastos, montes e superficie forestal arrasada polas lapas; as actuacións preventivas desenvolvidas pola Consellaría a este respecto e as medidas que prevé poñer en marcha para compensar as perdas aos afectados, a reparación dos danos, a restauración dos terreos afectados polos lumes e a protección dos solos.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2025

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 28/08/2025 ás 11:04
Por Luis Bará Torres
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 28/08/2025 ás 11:04
Por Daniel Castro García
Asinado o día 28/08/2025 ás 11:04
Por Ana Pontón Mondelo
CSV: REXPG-pniKUvD8s-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:15:30
Nº Rexistro: 32610
Data envío: 28/08/2025 11:15:30.492

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2025 11:04:16**
**Daniel Castro García na data 28/08/2025 11:04:24**
**Luis Bará Torres na data 28/08/2025 11:04:32**
**Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2025 11:04:39**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/08/2025 11:04:48**
**Paulo Ríos Santomé na data 28/08/2025 11:04:56**
**Rosana Pérez Fernández na data 28/08/2025 11:05:06**
**Ariadna Fernández González na data 28/08/2025 11:05:16**
**Iria Carreira Pazos na data 28/08/2025 11:05:27**
**José Manuel Golpe Acuña na data 28/08/2025 11:05:37**
**Secundino Fernández Fernández na data 28/08/2025 11:05:49**
**Daniel Pérez López na data 28/08/2025 11:06:02**
**Carmela González Iglesias na data 28/08/2025 11:06:12**
**Sonia Vidal Lamas na data 28/08/2025 11:06:22**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 28/08/2025 11:06:31**
**Óscar Insua Lema na data 28/08/2025 11:06:40**
**María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2025 11:06:47**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 28/08/2025 11:06:57**
**Alexandra Fernández Gómez na data 28/08/2025 11:07:05**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 28/08/2025 11:07:16**
**Mercedes Queixas Zas na data 28/08/2025 11:07:28**
**Cristina Fernández Davila na data 28/08/2025 11:07:36**
**Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2025 11:07:43**
**Iago Suárez Fernández na data 28/08/2025 11:07:49**
**Iria Taibo Corsanego na data 28/08/2025 11:07:56**

CSV: REXPG-pniKUvD8s-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2025 11:15:30
**Nº Rexistro: 32610**
Data envio: 28/08/2025 11:15:30.492

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 11:15:31**

CSV: REXPG-pniKUvD8s-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.     Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1 37567(12/MOC-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 26622, publicada no BOPG 208f2, do 11 de xuño de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:09:28
Nº Rexistro: 37567
Data envio: 23/10/2025 18:09:28.773

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de outubro, sobre a estratexia da Xunta de Galiza para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás (doc. núm **26622**, [**12/INT-001035**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer límites físicos entre as plantas de biogás–biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais  con distancias e/ou medidas de separación suficientes para minimizar os impactos directos destas instalacións.

2. Fixar distancias máximas entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta cun criterio científico que non comprometa a viabilidade ambiental da planta de biogás-biometano.

Obrigar aos promotores de plantas de biogás a avaliación do ciclo enerxético integral da planta, establecendo límites polos que eviten un rendemento negativo. Tanto no ciclo de $CO_2$ coma no ciclo enerxético global.

3. Limitar a capacidade das plantas de biogás-biometano e os seus procesos de xeito que non sexa preciso transportar os materiais a dixestar en grandes distancias que poñan en perigo o equilibrio ecolóxico da propia planta.

Asinado o día 23/10/2025 ás 18:07
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 23/10/2025 ás 18:07
Por José Manuel Golpe Acuña

CSV: REXPG-a0kSFv4MV-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:09:28
Nº Rexistro: 37567
Data envio: 23/10/2025 18:09:28.773

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Establecer parámetros sobre os materiais que entran á biodixestión, así como os subprodutos de saída da mesma.

Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización, esixindo controis químicos e bacteriolóxicos que garantan e limiten o contido de microorganismos, bacterias, metais pesados e compostos químicos prexudiciais para o medio, as persoas e as cousas.

5. Regular a odorización e o seu control. Obrigando aos promotores a utilizar as mellores técnicas dispoñibles para limitar a emisión de cheiros. E tamén a medición en continuo en varios puntos localizados na contorna da localización das plantas. E publicar estes datos en medios de acceso público.

6. Restrinxir o tráfico pesado asociado ás plantas, limitando a súa circulación por cascos urbanos e aldeas, solicitando dos promotores plans de mobilidade que contemplen itinerarios alternativos e a modificación de infraestruturas para evitar interferencias na mobilidade na zonas de implantación.

7. Crear un sistema galego de Garantías de Orixe do biometano, análogo ao eléctrico. Un sistema que certifique a trazabilidade ecolóxica do biogás con referencia ao CO2 que permita aos compradores deste produto avanzar na súa descarbonización e achegue un valor económico engadido aos produtores.”

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2025

CSV: REXPG-a0kSFv4MV-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:09:28
Nº Rexistro: 37567
Data envío: 23/10/2025 18:09:28.773

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Golpe Acuña na data 23/10/2025 18:07:42**
**Ana Pontón Mondelo na data 23/10/2025 18:07:50**

CSV: REXPG-a0kSFv4MV-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2025 18:09:28
Nº Rexistro: 37567
Data envio: 23/10/2025 18:09:28.773

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 18:09:29

CSV: REXPG-a0kSFv4MV-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.2 37617(12/MOC-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35773, publicada no BOPG 265f2, do 08 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:29:39
Nº Rexistro: 37617
Data envío: 24/10/2025 13:29:39.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de outubro, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galiza para a ordenación do monte galego (doc. núm **35773**, [**12/INT-001309**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza, diante da expansión masiva e descontrolada do eucalipto, do incumprimento reiterado dos límites legais previstos no Plan Forestal Galego, e das graves consecuencias ambientais, sociais e económicas do monocultivo de eucalipto, a aprobar as seguintes medidas:

1. No ámbito da ordenación e conservación do monte galego:

   - Declarar unha moratoria indefinida para novas plantacións de eucalipto.
   - Publicar de maneira inmediata a superficie total de eucalipto existente segundo o Inventario Forestal Continuo de 2024 do territorio galego.
   - Pór en marcha un plan de identificación, control e erradicación de plantacións irregulares ou ilegais, priorizando zonas de especial valor ambiental (Rede Natura, parques naturais, zonas húmidas, montes veciñais, áreas agrarias).

Asinado o día 24/10/2025 ás 13:28
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 24/10/2025 ás 13:28
Por Montserrat Valcárcel Armesto

CSV: REXPG-PKGwhvNEM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:29:39
Nº Rexistro: 37617
Data envío: 24/10/2025 13:29:39.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. No ámbito da restauración ambiental, multifuncionalidade e diversidade do monte:

- Executar a recuperación ambiental e produtiva das superficies afectadas polo monocultivo de eucalipto ilegal, promovendo a restauración con especies autóctonas e modelos agroforestais diversificados.
- Apoiar ás comunidades de montes na xestión sustentable, creando liñas de axuda pública para fomentar paisaxes mosaico, a multifuncionalidade histórica dos montes galegos e a resiliencia fronte ao risco de incendios.

3. No ámbito do control e xestión forestal:

- Reforzar a vixilancia, control e sanción sobre novas plantacións non autorizadas de eucalipto, achegando recursos materiais e humanos suficientes para garantir o estrito cumprimento das normativas vixentes.
- Garantir que todos os Plans de Ordenación de Recursos Forestais integren criterios técnicos, ambientais e sociais que limiten a expansión do eucalipto e promovan a diversificación produtiva, así como a conservación dos recursos hídricos e da biodiversidade.
- Aprobar un Plan de axudas de cinco millóns de euros para as e os propietarios de piñeirais afectados polas bandas marrón e vermella para compensar as perdas ocasionadas."

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

CSV: REXPG-PKGwhvNEM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:29:39
Nº Rexistro: 37617
Data envío: 24/10/2025 13:29:39.705

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CSV: REXPG-PkGwhvNEM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:29:39
Nº Rexistro: 37617
Data envio: 24/10/2025 13:29:39.705

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/10/2025 13:28:28**
**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2025 13:28:35**

CSV: REXPG-PKGwhvNEM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:29:39
Nº Rexistro: 37617
Data envio: 24/10/2025 13:29:39.705

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 13:29:43**

CSV: REXPG-PKGwhvNEM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.3 37622(12/MOC-000088)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35296, publicada no BOPG 265f2, do 8 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 21 de outubro de 2025.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:52:28
Nº Rexistro: 37622
Data envío: 24/10/2025 13:52:28.973

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 21 e 22 de outubro do 2025, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas (12/INT-001286, doc. núm. 35296).

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Aceptar e solicitar formalmente a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros, tal e como se recolle no Proxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA de réxime común.
2. Que o Goberno galego, se comprometa, tal e como esixe a AIREF, a exercer un autogoberno responsable na súa política fiscal, eliminando os beneficios fiscais e as bonificacións que favorecen ás grandes fortunas.

Santiago de Compostela, 24 de outubro do 2025

Asinado o día 24/10/2025 ás 13:52
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 24/10/2025 ás 13:51
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REXPG-tURWecakS-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:52:28
Nº Rexistro: 37622
Data envio: 24/10/2025 13:52:28.973

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 13:51:56
José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 13:52:03

CSV: REXPG-tURWecakS-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:52:28
Nº Rexistro: 37622
Data envio: 24/10/2025 13:52:28.973

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 13:52:29**

CSV: REXPG-tURWecakS-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 21775(12/PNP-001744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 13 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Mesa do Congresos dos Deputados respecto da Autoestrada do Atlántico

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 175f1, 19.03.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 10:51:26
Nº Rexistro: 21775
Data envío: 14/03/2025 10:51:26.883

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Paula Mouzo Mas, Paula Prado del Río, Felisa Rodríguez Carrera** e **Miguel Fidalgo Iglesias,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** polo trámite de **urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola relevancia que para Galicia ten o cumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno de España en relación coa autoestrada do Atlántico e a súa transferencia a Galicia.

**Exposición de motivos**

Galicia leva 16 anos reclamando a transferencia da AP-9, iniciativa que aglutina un amplo consenso social e político que despois choca coa posición obstrucionista da Mesa do Congreso dos deputados.

O Goberno de coalición entre PSOE e Sumar seguen impoñendo o seu control na Mesa do Congreso para dilatar un debate que acumula xa 37 prórrogas, 22 só nesta última lexislatura, e 15 na anterior.

Tampouco o BNG, que apoiou a investidura de Pedro Sánchez baixo a promesa de facer efectivo este traspaso, é quen de forzar ao Executivo central a cumprir este obxectivo, sen que este manifesto incumprimento teña consecuencias políticas.

Recentemente coñecemos que a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) vén de convocar unha xuntanza para esixir que a AP-9 sexa gratuíta e que os galegos non sigan pagando por imposición do Goberno Sánchez as autoestradas máis caras de España.

Como é lóxico calquera iniciativa que teña por obxecto perseverar na reclamación ao Executivo central para que aborde as cuestións relativas á AP-9 con maior seriedade e transparencia, merecen todo o apoio.

CSV: REXPG-ppEl20x22-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 10:51:26
Nº Rexistro: 21775
Data envío: 14/03/2025 10:51:26.883



Con todo, resulta rechamante que a Fegamp, presidida por un alcalde socialista, sexa incapaz de reclamar dentro do seu partido ao Goberno de Sánchez que asuma o compromiso que prometeron durante a campaña electoral.

A esta situación hai que engadir a falta de rigor do Goberno coa AP-9. O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, estivo meses trasladando un vaivén de cifras sobre o custo do rescate, para esta semana asegurar que é inviable. En cumprimento co principio de transparencia, debe facilitar os cálculos nos que se basea.

O propio Goberno galego e este Parlamento reclamou en diversas ocasións a necesidade de que se avaliase o rescate da AP-9, tendo en conta que o custo estimado da indemnización polo rescate aplicando unha taxa de desconto (2.331 M€) e o custo das bonificacións ata final de concesión, aseméllanse de xeito considerable. Ata o momento, non se obtivo resposta a esta proposta por parte do Goberno.

Xa non sorprende o pouco compromiso do Goberno, xa que o líder do PSdG prometía en campaña a gratuidade da AP-9 e esta fin de semana volveu facelo para logo ser desacreditado polo Goberno. Polo tanto, eximimos seriedade e que cumpran os seus compromisos con Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir defendendo os intereses dos galegos e, en consecuencia:

1º.- Dirixirse ao Goberno de España para que elabore e faga público un estudo que avalíe, como mínimo, os seguintes aspectos: o custe do rescate da AP-9, de implantación da súa gratuidade e de aplicar as bonificacións vixentes ata final da concesión e facilite, en cumprimento co principio de transparencia, os cálculos nos que se basea.

2º.- Dirixirse á Mesa do Congreso para que poña fin á actitude obstrucionista e permita avanzar na tramitación final ante o Pleno da proposición de lei de transferencia a Galicia da AP-9, xa que o bloqueo actual representa un prexuízo evidente para a economía das familias e para a competitividade de sectores estratéxicos como o transporte".

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

CSV: REXPG-ppEl20x22-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 10:51:26
Nº Rexistro: 21775
Data envío: 14/03/2025 10:51:26.883

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:46:53**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:47:13**

**Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 10:47:28**

**José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 10:47:41**

**Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 10:47:53**

**María Deza Martínez na data 14/03/2025 10:48:06**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 10:48:19**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 10:48:33**

**Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 10:48:45**

**Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 10:48:58**

**Julio García Comesaña na data 14/03/2025 10:49:10**

**Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 10:49:31**

**Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 10:49:49**

**María Felisa Rodriguez Carrera na data 14/03/2025 10:50:05**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 14/03/2025 10:50:17**

CSV: REXPG-ppEI20x22-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.2 30453(12/PNP-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia aos concellos galegos relacionada coa xestión dos residuos municipais e sobre a continuación das axudas da Xunta ás entidades locais para este fin

*Publicación da iniciativa, 238f2, 20.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envío: 05/08/2025 11:08:59.166

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno.**

As accións dos concellos e a súa implicación e colaboración en materia de xestión de residuos é de capital importancia para o correcto desenvolvemento dos plans de protección do medio ambiente promovidos pola Xunta de Galicia e para seguir avanzando na Galicia verde e ambientalmente responsable.

Polo tanto, é importante promover e facilitar e, no seu caso, colaborar no financiamento da labor dos concellos nestas iniciativas, para o que é esencial o papel da Xunta de Galicia como apoio imprescindible das entidades locais para cumprir a súa labor, e para supervisar o correcto funcionamento da mesma.

Non se trata de cumprir a normativa vixente neste materia, que tamén, senón en avanzar de xeito coordinado no obxectivo de redución, reutilización e reciclaxe de residuos. Introducir innovacións e novas técnicas vangardistas ou campañas de educación, sensibilización e concienciación no ámbito ambiental só será posible de facerse desde a colaboración e sumando apoios de todas as administracións.

Todas estas accións ademais dunha  mellora da xestión dos residuos contribúen aos obxectivos máis ambiciosos que buscamos como son a consolidación de Galicia como refuxio climático e o avance na loita contra o cambio climático.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar aos concellos galegos seguir ampliando o compromiso na redución, reutilización e reciclaxe dos residuos municipais para dar debido cumprimento á normativa vixente e a seguir apoiando e incentivando ás entidades locais con liñas de financiamento, campañas e outras accións."

Asinado o día 05/08/2025 ás 11:06
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-NPv3d8HhV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envío: 05/08/2025 11:08:59.166

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2025.

CSV: REXPG-NPv3d8HhV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envío: 05/08/2025 11:08:59.166

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 11:06:59

CSV: REXPG-NPv3d8HhV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/08/2025 11:08:59
Nº Rexistro: 30453
Data envio: 05/08/2025 11:08:59.166

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 11:09:00**

CSV: REXPG-NPv3d8HhV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 31234(12/PNP-002372)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de adaptar as súas políticas de xestión forestal ao cambio climático

*Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31234
Data envío: 16/08/2025 17:24:53.839

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 16/08/2 17:22
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O verán de 2025 está a confirmar o que os expertos, organizacións agrarias e dende este grupo parlamentario levamos anos advertindo de que os incendios forestais en Galicia son cada vez máis intensos, máis rápidos e máis difíciles de extinguir.

Este fenómeno non é froito dun azar climático, senón a combinación de dous factores principais, o cambio climático e o abandono progresivo do rural galego.

O cambio climático provoca unha maior frecuencia de ondas de calor, temperaturas extremas, baixa humidade e períodos de seca prolongada, condicións que favorecen a aparición e a rápida propagación dos lumes.

Estes episodios extremos, antes excepcionais, son xa recorrentes cada verán e, segundo as previsións, intensificaranse nas próximas décadas.

Ao mesmo tempo, Galicia sofre unha grave crise demográfica e socioeconómica no rural: perda constante de poboación, envellecemento acusado, desaparición de servizos básicos e abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais. As terras antes cultivadas ou utilizadas como pastos, que actuaban como barreiras naturais fronte ao lume, convertéronse en masas continuas de matogueira e arborado sen xestión. Esta acumulación de combustible vexetal é un factor determinante na virulencia dos incendios.

Asinado o día 16/08/2025 ás 17:22
Por Lara Méndez López

Asinado o día 16/08/2025 ás 17:22
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REXPG-QFTkGB3dX-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

A combinación destes dous factores crea un escenario de alto risco estrutural, cada vez hai máis biomasa dispoñible e as condicións meteorolóxicas son máis extremas.

En consecuencia, os incendios que se producen son máis difíciles de controlar, máis perigosos para a poboación e para os servizos de extinción, e con maiores impactos ambientais e económicos.

O actual modelo da Xunta de Galicia segue a centrarse na extinción e non na prevención, mantendo contratos temporais nas brigadas e fixos discontinuos, con traballos limitados a uns poucos meses ao ano, e sen un plan integral que combine a ordenación do territorio, a recuperación das actividades produtivas do rural e a adaptación ao cambio climático.

En lugar de impulsar unha xestión activa e sostible do territorio que reduza o risco, a política forestal actual perpetúa un sistema reactivo, que cada verán se ve desbordado por incendios cada vez máis complexos e perigosos.

É imprescindible un cambio de rumbo que integre prevención estrutural e revitalización do rural como dous tres piares inseparables da loita contra os lumes.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Poñer en marcha un plan integral de revitalización do rural que inclúa apoio á agricultura, gandería e silvicultura sostible, recuperación de servizos básicos e incentivos á instalación de poboación nova nas zonas de alto risco.

CSV: REXPG-QFTKGB3dX4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31234
Data envío: 16/08/2025 17:24:53.839



2. Desenvolver un plan de ordenación do territorio baseado en mosaicos de usos, cortalumes verdes e xestión activa da biomasa.

3. Deseño de políticas forestais adaptadas ao cambio climático que será presentado o Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.

Parlamento de Galicia, 16 de agosto de 2025

CSV: REXPG-QFTKGB3dX4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31234
Data envio: 16/08/2025 17:24:53.839

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/08/2025 17:22:06**
**Lara Méndez López na data 16/08/2025 17:22:20**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 16/08/2025 17:22:37**

CSV: REXPG-QFTKGB3dX4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
**Nº Rexistro: 31234**
Data envio: 16/08/2025 17:24:53.839

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/08/2025 17:24:54**

CSV: REXPG-QFTKGB3dX4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.4 35438(12/PNP-002605)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente, en consenso coas universidades públicas galegas, as prazas para o mestrado universitario en formación do profesorado

*Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:07
Nº Rexistro: 35438
Data envío: 02/10/2025 11:11:07.929

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:10
Por Ana Pontón Mondelo

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Daniel Castro García** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza aumente a oferta pública do Mestrado en profesorado en diálogo coas tres universidades públicas galegas.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:09
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os denominados mestrados habilitantes son aqueles que permiten exercer unha profesión regulada no Estado español. Estes mestrados, entre os que destaca o de formación do profesorado, teñen cada vez máis demanda provocando que a oferta pública non sexa suficiente e que a opción das universidades privadas sexa cada vez máis escollida por todas aquelas persoas que poidan pagar estas titulacións.

Deste xeito, podemos observar como por primeira vez na historia as prazas en mestrados privados no Estado español superaron por primeira vez ás públicas no ano 2024, supoñendo un 50,3% do total. Para poder entender o crecemento exponencial da universidade privada soamente temos que ollar os datos que nos din que hai 10 anos a porcentaxe de mestrados privados era case un 20% menor, supoñendo soamente o 32,5% do total.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:09
Por Daniel Castro García

Tristemente, estes datos son moito peores no que se refire ao caso dun mestrado habilitante como é o de formación do profesorado, xa que no conxunto do Estado soamente se ofertaron, segundo os últimos datos dispoñibles unhas 23.000 prazas en universidades públicas fronte a unhas 40.000 en universidades privadas, o que supón un 36’6% fronte a un 63,4%.

CSV: REXPG-Wq0OCczBq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:07
Nº Rexistro: 35438
Data envío: 02/10/2025 11:11:07.929

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén do dito, podemos observar como a tendencia privatizadora cada vez vai a máis, evidenciando que a oferta pública é absolutamente insuficiente, tamén en Galiza, como podemos ver xa en estudos do ano 2021 que mostraban como case 3 de cada 4 alumnos quedaban sen praza neste mestrado no noso país.

Corrobórase polo tanto que a demanda supera amplamente á oferta, provocando que as universidades privadas aumenten cada vez máis os seus beneficios, captando a todas esas persoas que quedan sen praza na pública e que se poden permitir o pago na privada, xa que o custe nestas universidades é inmensamente superior ao das públicas.

Polo tanto, desde o BNG consideramos que o goberno galego debe poñer fin a esta situación inxusta que o único que xera é desigualdade para poder obter unhas titulacións que son obrigatorias para poder exercer no Estado español.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aumentar, en diálogo coas tres universidades galegas, o número de prazas públicas no mestrado universitario en profesorado”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-Wq0OCczBq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:07
Nº Rexistro: 35438
Data envío: 02/10/2025 11:11:07.929

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 02/10/2025 11:09:49**
**Cristina Fernández Davila na data 02/10/2025 11:09:54**
**Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2025 11:10:00**

CSV: REXPG-Wq0OCczBq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:07
Nº Rexistro: 35438
Data envio: 02/10/2025 11:11:07.929

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:11:08**

CSV: REXPG-Wq0OCczBq-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.5 35682(12/PNP-002622)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para manter a viabilidade das explotacións agrogandeiras e favorecer a remuda xeracional neste sector

*Publicación da iniciativa, 268f1, 15.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:27
Nº Rexistro: 35682
Data envío: 06/10/2025 11:16:27.949

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 06/10/2
11:10
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia presenta unha marcada dispersión poboacional e unha orografía que favorece un modelo de explotacións agrogandeiras de carácter extensivo e de dimensión media-pequena como modelo produtivo idóneo para a conservación do territorio, a xeración de emprego local e a sostibilidade ambiental. Segundo datos estatísticos recentes, a distribución espacial da poboación galega amosa amplas extensións con baixa densidade, o que require modelos produtivos adaptados á dispersión e ao tamaño parcelario.

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:10
Por Carmen Rodríguez Dacosta

A gandaría e agricultura extensiva en Galicia teñen unha función agroambiental cualificada, mantemento de pastos, conservación da biodiversidade, prevención de incendios e vertebración do medio rural. Para manter esta situación é necesario favorecer explotacións que combinen viabilidade económica con dimensións compatibles co tecido rural galego.

Os instrumentos de desenvolvemento rural e de modernización das explotacións, PDR, FEADER, PAC, programas de apoio e instrumentos financeiros nacionais, contemplan e poden financiar medidas de modernización, incorporación de mozos e mozas e axudas para pequenas e medianas explotacións, polo que é viable artellar un paquete de medidas autonómicas complementarias para favorecer o modelo extensivo de tamaño medio-pequeno.

Asinado o día 06/10/2025 ás
11:10
Por Lara Méndez López

CSV: REXPG-XayaaqmBp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É certo que para apostar por este tipo de axudas temos que ter claro que tipo de explotacións queremos e defendemos, e Xunta de Galicia non ten claro que tipo de modelo defende, ou si pero non quere manifestalo.

O que si é certo tendo en conta, o avellentamento do tecido agrícola e a falta de relevo xeracional, é urxente adoptar políticas públicas específicas que incentiven o establecemento de explotacións reutilizando superficie agraria, facilitando o acceso á terra, a formación técnica e o apoio á comercialización e renda, co obxectivo de frear o despoboamento rural e promover un desenvolvemento territorial equilibrado.

Na ultima década en Galicia se pecharon entorno un 50 % das explotacións, en tres anos Galicia pechou mais de 1.100 explotacións de leite,  o que supuxo tamén unha redución dun 38,3 % no emprego xerado nas explotacións. Do total das explotacións Galegas case un 25 % teñen menos hectáreas, e so un 0,86 % supera as 100 hectáreas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan estratéxico para fomentar a agricultura e gandería extensiva que identifique zoas prioritarias en función da dispersión, da orografía e o risco de abandono.
2. Impulsar as medidas para o funcionamento do banco público de terras, incentivos para o arrendamento, axilizar e potenciar as agrupacións parcelarias.

CSV: REXPG-XayaaqmBp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:27
Nº Rexistro: 35682
Data envio: 06/10/2025 11:16:27.949

3. Complementar medidas que contribúan ao relevo xeracional, facendo atractivo para que a mocidade se incorpore.

Santiago de Compostela, a 6 de outubro do 2025

CSV: REXPG-XayaaqmBp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:27
Nº Rexistro: 35682
Data envio: 06/10/2025 11:16:27.949

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 06/10/2025 11:10:37**
**Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2025 11:10:44**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 11:10:51**

CSV: REXPG-XayaaqmBp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:16:27
**Nº Rexistro: 35682**
Data envio: 06/10/2025 11:16:27.949

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:16:28**

CSV: REXPG-XayaaqmBp-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.6 37076(12/PNP-002728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas básicas que o Goberno galego debe tomar co fin de configurar unha estratexia galega de adquisición pública de vivenda

*Publicación da iniciativa, 272f1, 22.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envío: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar unha Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque público de vivendas propiedade da Xunta de Galiza é extremadamente escaso, con apenas 3.800 unidades que representan un 0,3% do total das vivendas, fronte ao 16% que representan estas en Francia, o 17% en Inglaterra, o 21% en Dinamarca, 24% en Irlanda do norte, o 24% en Escocia ou o 29% en Países Baixos.

Esta situación, tan afastada doutros países europeos, é consecuencia de non ter construído na segunda metade do s. XX grandes parques públicos de vivendas e, despois, de ter paralizado e arrasado por completo durante 17 anos a política de vivenda pública que tomara impulso na etapa anterior para tratar de corrixir este déficit histórico.

Neste momento de crise de acceso á vivenda é cando se evidencian dunha forma máis crúa a carencia desta infraestrutura pública como mecanismo eficaz para garantir un dereito básico como é a vivenda.

Ante isto, a Xunta de Galiza vén de anunciar un incremento da vivenda pública mais que presenta dúas grandes eivas: a primeira é que ambiciona un volume insuficiente de unidades e, a segunda, fai unha aposta case total pola nova construción fronte a outras solucións baseadas na rehabilitación e na mobilización de vivenda xa construída que permita solucións a curto prazo.



Asinado o día 16/10/2025 ás 13:00
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 16/10/2025 ás 13:00
Por Alexandra Fernández Gómez
CSV: REXPG-yZnIlAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envío: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dende o BNG consideramos que unha estratexia axeitada para a ampliación do parque público de vivenda debe contemplar, ademais da nova construción, estratexias e mecanismos que mediante a adquisición vivenda e/ou posterior rehabilitación permitan incorporar de forma áxil máis unidades.

Neste momento o único mecanismo para a adquisición pública de vivendas e inmobles para a súa incorporación ao parque público está limitada ao programa Rexurbe. Un programa moi limitado en cuanto ao ámbito de actuación -só uns poucos centros históricos en todo o país, non vinculado á demanda de vivenda- e que conta cunha execución e financiamento moi escaso, que fai con que non resulte un instrumento eficaz para paliar a alta demanda de vivenda pública que se constata no rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta.

Unha política de adquisición pública ambiciosa ten ademais outras grandes virtudes fronte a unha estratexia baseada exclusivamente en novos desenvolvementos urbanísticos. Por exemplo, evita a segregación espacial das persoas de rendas máis baixas en fragmentos urbanos periféricos, como se pretende cos novos PIA de solo residencial. Tamén permite actuar para mobilizar parque inmobiliario baleiro, fomenta a rehabilitación e evita o consumo innecesario de solo.

Os datos en materia de vivenda evidencian que a actual crise de vivenda non se debe a un problema de stock total construído, xa que o ratio de vivendas por habitante non deixou de aumentar nas dúas últimas décadas, pasando do 0,48 en 2001 ao 0,65 en 2021, ao tempo que a vivenda baleira pasou de 300.000 unidades a 500.000 tan só nos últimos dez anos. Por tanto temos cada vez máis vivenda construída pero resulta máis difícil acceder a ela, porque unha parte cada vez maior non se destina a un uso residencial principal e a que si o fai está atravesada polo incremento continuo e desmedido de prezos.

Por tanto, o BNG aposta pola posta en marcha dunha estratexia con novas medidas que aposte por incrementar o parque público de vivendas mediante a adquisición pública



CSV: REXPG-yZnIlAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envío: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de vivendas, de forma que nos permita acadar dous grandes obxectivos: incrementar de forma áxil o parque público de vivendas ou tempo que contribuímos a unha mellor utilización do parque construído, reducindo o número de vivendas baleiras, contribuíndo ao mantemento e mellora do parque construído e reducindo o consumo de solo e recursos.

Por último, cabe destacar que se abren novas oportunidades de financiación nesta liña ao incluírse como novidade no novo borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 liñas de financiación dirixidas de forma específica para a adquisición de vivendas por parte das Administracións, que pode alcanzar o 70% dos custes do investimento e até un 85% se se trata dunha zona de mercado tensionado. Por tanto, vemos que a aposta pola intervención pública sobre o parque xa construído que vimos defendendo dende o BNG vai sumando apoios e ábrense novas oportunidades de financiamento que o goberno galego non debera deixar pasar.

Precisamente para aproveitar esta oportunidade e desenvolver unha estratexia coherente coa realidade territorial galega, dende o BNG propomos a creación inmediata dunha estratexia galega de adquisición pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas. Esta debe incluír unha serie de obxectivos por comarcas e a nivel galego coherente coa situación de demanda de vivenda pública, coas dificultades no acceso á vivenda e co estado do parque construído, que como mínimo aspire a incorporar 4.000 novas vivendas en 5 anos mediante a adquisición por parte da Xunta de Galiza.

Para lograr estes obxectivos a Xunta de Galiza despregará unha serie de medidas que permitan á Administración a adquisición de vivenda con prezos axustados. Entre elas, o despregue de instrumentos de tenteo e retracto en favor da Administración Pública en determinados ámbitos onde exista unha necesidade de incremento da oferta de vivenda pública, o exercicio efectivo dese dereito na transmisión de vivenda protexida, ou a creación dunha comisión técnica especializada dentro do IGVS que asegure o seu bo desenvolvemento.



CSV: REXPG-yZnlIAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta a pór en marcha a Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas no prazo máximo de 6 meses que inclúa, cando menos, as seguintes medidas:

- Análise territorializada da demanda de vivenda pública e estado do parque construído que permita definir obxectivos cuantificables a nivel galego e por concellos ou áreas supramunicipais.

- Definición dun cronograma para a consecución de obxectivos, que como mínimo permita alcanzar as 4.000 vivendas adquiridas en 5 anos.

- Execución efectiva polo IGVS dos dereitos de tenteo e retracto nas transmisións de vivenda protexida, tal e como prevé o art. 75 e ss da Lei de Vivenda de Galiza.

- Incorporar a previsión lexislativa para a delimitación polas administracións (Xunta e concellos) de áreas de incorporación de terreos, inmobles e vivendas con destino ao parque público de vivenda, así como os instrumentos xurídicos eficaces para a súa adquisición, incluíndo o exercicio de dereito de tenteo, de forma que permita ás Administracións Públicas dispor de solucións vantaxosas e axustada economicamente.

- Creación dunha comisión técnica especializada na adquisición pública e a definición de criterios de selección de inmobles obxectivos que teñan en conta o impacto das actuacións, tanto en termos de modelo urbano e sociais, como da calidade arquitectónica das vivendas e de sustentabilidade económica.

- Xestionar de forma transparente, continua e accesible o inventario dos patrimonios públicos de solo e de vivenda.

CSV: REXPG-yZnlIAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Aumentar as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en solo urbanizable e en solo urbano non consolidado, tanto o regulado no artigo 17.b).1, coma o 17.b).2. da Lei do Solo de Galicia en, como mínimo, o establecido na lexislación estatal. Eliminar os criterios de revisión á baixa destas porcentaxes.

- Asumir as competencias en materia de vivenda para realizar a primeira declaración de zonas de mercado tensionado a nivel galego e desenvolver a súa normativa, de forma que en todos aqueles ámbitos que cumpran as condicións se poidan incrementar as previsibles axudas para adquisición de vivenda do vindeiro Plan Estatal de Vivenda do 70% ao 85% .

- Realizar unha proposta de adecuación do novo Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 aos obxectivos e prioridades definidas nesta Estratexia Galega de Adquisición Pública de Vivenda".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-yZnIlAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envio: 16/10/2025 13:02:15.394

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/10/2025 13:00:07**
**Luis Bará Torres na data 16/10/2025 13:00:15**

CSV: REXPG-yZnIlAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 13:02:15
Nº Rexistro: 37076
Data envío: 16/10/2025 13:02:15.394

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 13:02:16**

CSV: REXPG-yZnIlAaea-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 35488(12/INT-001294)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a postura do Goberno galego ante a defensa da cooficialidade da lingua galega no Parlamento Europeo

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35488
Data envío: 02/10/2025 14:17:48.790

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **interpelación**.

O 19 de setembro de 2025 fixo dous anos que o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, defendía no Congreso en Madrid que o galego fose a lingua cooficial no Congreso.

Debatíase unha reforma do Regulamento do Congreso para permitir o uso das linguas cooficiais na Cámara.

Os deputados de Vox abandonaban o hemiciclo do Congreso ao arranque da sesión plenaria cando o noso portavoz, e deputado entón na Cámara, José Ramón Besteiro, estreaba o dereito a empregar as linguas cooficiais no debate parlamentario. E a lingua galega sonaba na primeira parte da súa intervención. Besteiro subira a tribuna a defender a proposta de reforma do Regulamento que daría vía libre para empregar o galego, o euskera e o catalán no Congreso. Deu os bos días en castelán e nas tres linguas, e agradeceu ao grupo socialista que fose el quen tiña a honra de defender este cometido: "é unha dobre honra facelo na miña lingua materna, o galego»; engadindo que tiña «a sorte de falar varios idiomas» e «como galego, dóeme que o partido que goberna en Galicia queira impedir que a nosa lingua se fale no Parlamento de España».

Desde o grupo do PP, Borja Semper foi o encargado de comunicar o voto en contra da súa formación política, engadindo que o Partido Popular non ía "aceptar leccións" porque para os conservadores o que se estaba aprobando no Congreso "atentaban contra o común".

Asinado o día 02/10/2025 ás 14:14
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás 14:14
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REXPG-maodhdnoy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35488
Data envío: 02/10/2025 14:17:48.790

Grupo
Parlamentario
Socialista

Non deixa de ser triste que alguén como Núñez Feijóo que foi presidente da Xunta de Galicia durante case catro lexislaturas votase en contra do uso da súa propia lingua no epicentro da democracia institucional como é o Congreso.

Durante este tempo, houbo oportunidades nas que o galego se postulase como lingua cooficial no Parlamento Europeo. Desde o Ministerio de Asuntos Exteriores leváronse a cabo varios intentos para acadar un apoio maioritario das forzas políticas. Pero a vertente conservadora actuou como un freo nas diferentes negociacións, sendo os primeiros responsables os parlamentarios do Grupo Popular en Europa. Aínda que, no Parlamento galego, o Grupo Socialista conseguiu acadar a unanimidade da Cámara para apoiar que o galego fose lingua cooficial en Europa.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Sr. conselleiro de Cultura nos seguintes termos:

Que pasos ten previsto realizar a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para conseguir que o galego sexa lingua cooficial no Parlamento Europeo?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

CSV: REXPG-maodhdnoy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35488
Data envío: 02/10/2025 14:17:48.790

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 14:14:47**
**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 14:14:56**

CSV: REXPG-maodhdnoy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35488
Data envio: 02/10/2025 14:17:48.790

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 14:17:49**

CSV: REXPG-maodhdnoy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 36026(12/INT-001321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego no desenvolvemento do servizo de transporte público por estrada

*Publicación da iniciativa, 268f1, 15.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:57:26
Nº Rexistro: 36026
Data envío: 08/10/2025 11:57:26.522

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de garantir a seguridade e a suficiencia de prazas no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa chegada do Plan de Trasporte da Xunta de Galiza, foron moitas as queixas e os incumprimentos de contrato, tales como atrasos inxustificados, superación da idade máxima nos vehículos incluídos nas licitacións, falta de vehículos, falta de prazas etc.

Son moitas tamén as usuarias e usuarios que están a sufrir os efectos destes incumprimentos e irregularidades, sendo un deles a falta de prazas nos vehículos o que obriga a viaxar de pé a un número importante de persoas, o que conleva molestias evidentes e mesmo pode supoñer un risco para a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras.

Asinado o día 08/10/2025 ás 11:55
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 08/10/2025 ás 11:55
Por Paulo Ríos Santomé

CSV: REXPG-DIzl90MWK-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:57:26
Nº Rexistro: 36026
Data envío: 08/10/2025 11:57:26.522

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten manifestado que cumpre a lei no relativo á posibilidade de realizar a viaxe de pé sempre que sexan traxectos curtos e non se superen os 80km/h, así como que estes traxectos non sexan realizados por autoestradas ou autovías.

Se ben, a lei referida, é unha lei do ano 2003, polo que se debera elaborar unha lei propia que regule este tipo de situacións dun xeito adaptado á realidade actual, os usuarios e usuarias están a informar que estes condicionantes que permite a lei non se están a cumprir.

Son moitos casos onde estes desprazamentos con xente de pé nos vehículos está a ser realizada en vías non permitidas e non sempre cumprindo a velocidade máxima fixada.

A Xunta de Galiza non pode ampararse nunha lexislación obsoleta, que nin sequera cumpre en moitos casos, para tapar a falta de prazas e vehículos nas liñas de transporte que están a sufrir estes problemas.

Desde o BNG entendemos que non se trata dunha cuestión puntual nin conxuntural, polo que require unha atención e solucións reais para atallar esta problemática.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a suficiencia de prazas e a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras no servizo de transporte público por estrada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: REXPG-DIzI90MWK-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:57:26
Nº Rexistro: 36026
Data envío: 08/10/2025 11:57:26.522

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2025 11:55:25**
**Luis Bará Torres na data 08/10/2025 11:55:33**

CSV: REXPG-DIzI90MWK-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 11:57:26
**Nº Rexistro: 36026**
Data envio: 08/10/2025 11:57:26.522

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 11:57:27**

CSV: REXPG-DIzI90MWK-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 37225(12/INT-001357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as condicións laborais do persoal dos centros de discapacidade, dos centros de menores e das escolas infantís de Galicia

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 272f2, 22.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:16
Nº Rexistro: 37225
Data envío: 20/10/2025 10:09:16.495

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 20/10/2
09:46
Por Daniel Castro Ga

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Saleta Rivas Chao, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia,** sobre as condicións laborais do persoal que traballa nos centros de discapacidade, de menores e nas escolas infantís de Galiza e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 20/10/2025 ás
09:46
Por Olalla Rodil Fernández

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia de que o Parlamento se pronuncie coa máxima celeridade sobre este asunto que atinxe servizos públicos esenciais e dereitos sociais de poboación vulnerable.

Asinado o día 20/10/2025 ás
09:46
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: REXPG-aqJh6weVk-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:16
Nº Rexistro: 37225
Data envio: 20/10/2025 10:09:16.495

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 6 de novembro o persoal dos centros de persoas con discapacidade, centros de menores e das escolas infantís está chamado a unha xornada de folga pola mellora das súas condicións laborais e salariais.

Trátase de servizos públicos esenciais que están na súa maior externalizados quer en empresas privadas, quer en entidades sociais. Porén, malia atender poboación extremadamente vulnerable, desenvolven o seu traballo en condicións de precariedade e con salario que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional.

Así mesmo, as rateos de persoal son pírricas, non responden ás necesidades reais de atención sendo, tamén, que nin sequera sempre están garantidas.

Para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisible que sectores como os de protección e reforma de menores estean en mans de entidades privadas regulados, alén do máis, por un decreto de hai vinte anos. É inxustificábel que o persoal das escolas infantís de Galiza –sufragadas todas elas con cartos públicos-- conten con táboas salariais diferentes e que nunha mesma localidade poida haber traballadoras desenvolvemento o mesmo labor mais cobrando salarios completamente distintos.

De igual maneira, é indigno que as traballadoras e traballadores dos centros de discapacidade estean a percibir salarios que non chegan ao SMI con rateos por baixo do mínimo esixíbel para garantir unha atención de calidade.

Ao igual que acontece no sector das residencias ou do servizo de axuda no fogar, as máis de 5.000 traballadoras e traballadores destes máis de 500 centros dependentes da Consellaría de Política Social, levan anos reclamando mellores condicións laborais e mudanzas normativas que garantan os dereitos fundamentais das persoas usuarias. Porén, só recibiron o desprezo e o silencio do goberno do Partido

CSV: REXPG-aqJh6weVk-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:16
Nº Rexistro: 37225
Data envio: 20/10/2025 10:09:16.495

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular na Xunta a comezar polo da responsábel da Consellaría que nin sequera se dignou a recibilos.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Vai atender a Xunta de Galiza as demandas do persoal que traballa nos centros de menores, centros para persoas con discapacidade e escolas infantís?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-aqJh6weVk-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:16
Nº Rexistro: 37225
Data envio: 20/10/2025 10:09:16.495

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/10/2025 9:46:10**
**Olalla Rodil Fernández na data 20/10/2025 9:46:21**
**Daniel Castro García na data 20/10/2025 9:46:27**
**Luis Bará Torres na data 20/10/2025 9:46:37**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/10/2025 9:46:52**
**Paulo Ríos Santomé na data 20/10/2025 9:47:03**
**Rosana Pérez Fernández na data 20/10/2025 9:47:11**
**Ariadna Fernández González na data 20/10/2025 9:47:21**
**Iria Carreira Pazos na data 20/10/2025 9:47:37**
**José Manuel Golpe Acuña na data 20/10/2025 9:47:46**
**Secundino Fernández Fernández na data 20/10/2025 9:47:58**
**Carmela González Iglesias na data 20/10/2025 9:48:17**
**Sonia Vidal Lamas na data 20/10/2025 9:48:27**
**Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/10/2025 9:48:35**
**Saleta Chao Rivas na data 20/10/2025 9:55:52**
**Óscar Insua Lema na data 20/10/2025 9:55:59**
**María Montserrat Prado Cores na data 20/10/2025 9:56:07**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 20/10/2025 9:56:16**
**Alexandra Fernández Gómez na data 20/10/2025 9:56:25**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/10/2025 9:56:33**
**Mercedes Queixas Zas na data 20/10/2025 9:56:41**
**Cristina Fernández Davila na data 20/10/2025 9:56:47**
**Noa Presas Bergantiños na data 20/10/2025 9:56:53**
**Iago Suárez Fernández na data 20/10/2025 9:56:59**
**Iria Taibo Corsanego na data 20/10/2025 9:57:05**

CSV: REXPG-aqJh6weVk-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2025 10:09:16
**Nº Rexistro: 37225**
Data envio: 20/10/2025 10:09:16.495

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/10/2025 10:09:17**

CSV: REXPG-aqJh6weVk-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 37706(12/POPX-000059)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o peso dos intereses de Galicia e o das estratexias de partido nas prioridades do Goberno galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:18:05
Nº Rexistro: 37706
Data envío: 27/10/2025 18:18:05.761

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, considera vostede que está priorizando realmente os intereses de Galicia fronte ás estratexias do seu partido?

Santiago de Compostela, 27 de outubro do 2025

Asinado o día 27/10/2025 ás 18:14
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: REXPG-0dbzt7Uei-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:18:05
Nº Rexistro: 37706
Data envío: 27/10/2025 18:18:05.761

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 27/10/2025 18:14:01**

CSV: REXPG-0dbzt7Uei-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:18:05
Nº Rexistro: 37706
Data envio: 27/10/2025 18:18:05.761

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 18:18:06

CSV: REXPG-0dbzt7Uei-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 37707(12/POPX-000060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego canto ao rescate da sanidade pública

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:19:59
Nº Rexistro: 37707
Data envío: 27/10/2025 18:19:59.528

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr Rueda, cando vai tomar as medidas necesarias para rescatar a sanidade pública?*

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025

Asinado o día 27/10/2025 ás 18:18
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: REXPG-mxHgukemN-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:19:59
**Nº Rexistro: 37707**
Data envio: 27/10/2025 18:19:59.528

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/10/2025 18:18:38**

CSV: REXPG-mxHgukemN-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 18:19:59
Nº Rexistro: 37707
Data envio: 27/10/2025 18:19:59.528

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 18:20:00**

CSV: REXPG-mxHgukemN-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 35112(12/POP-005084)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ás estratexias de mellora do transporte público na comarca do Baixo Miño

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:55:17
Nº Rexistro: 35112
Data envío: 30/09/2025 11:55:17.066

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O transporte público en Galicia é un dereito fundamental para garantir o libre desprazamento da cidadanía, o acceso aos servizos esenciais e a igualdade de oportunidades, especialmente nas comarcas rurais e periféricas. Ademais de ser clave para o desenvolvemento territorial das zonas rurais, o transporte público contribúe á loita contra o cambio climático, á seguridade viaria e á inclusión social de persoas maiores, mozas ou con dificultade de desprazamento. A existencia dun transporte público eficaz e accesible determina en boa medida o acceso real á sanidade, á educación ou ao emprego, especialmente ás persoas que non poden ter acceso a un modo de transporte privado.

Na comarca do Baixo Miño, a situación do transporte público é preocupante, sendo totalmente insuficiente e ineficaz. A pesar de tratarse dunha zona cun número importante de habitantes, cerca de 50.000, e cun volume elevado de desprazamentos diarios cara a Vigo, sendo de vital importancia os desprazamentos cara o Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital Meixoeiro e a Universidade de Vigo, a oferta de transporte público resulta a todas luces escasa, irregular e cunha comunicación totalmente desastrosa.

A problemática do transporte no Baixo Miño revela unha realidade compartida por varios concellos da comarca que afecta directamente ao acceso a servizos esenciais como a universidade e os dous hospitais de referencia: o Álvaro Cunqueiro e o Meixoeiro.

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:54
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:54
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: REXPG-cfiuDc9sv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

No caso de A Guarda, o transporte público ten unha importancia vital para a mobilidade da súa poboación, especialmente os sectores máis vulnerables como a mocidade, as persoas maiores ou os cidadáns sen acceso a vehículo propio, evidenciando unha forte dependencia deste servizo por parte da poboación local para poder desprazarse a centros sanitarios e educativos. Con todo, o tempo medio en trasporte público dende A Guarda ao hospital Álvaro Cunqueiro pode superar as dúas horas, e, como tamén sucede en moitos outros concellos, no caso do Hospital Meixoeiro non existen conexións directas e os itinerarios dispoñibles implican varios transbordos e tempos de desprazamento desproporcionados.

En Oia estase a demandar unha maior regularidade nas liñas de transporte, o que indica que as frecuencias actuais non son suficientes para cubrir as necesidades dos usuarios, especialmente en traxectos que requiren puntualidade e conexión con servizos clave.

No Rosal, a preocupación céntrase na comunicación deficiente co Hospital Álvaro Cunqueiro, onde os tempos roldan tamén as dúas horas, incluíndo transbordos e longos tempos de espera, e tamén cun servizo moi mellorable co Meixoeiro.

No caso de Tui e Tomiño, destacouse que o transporte universitario non cobre as necesidades reais do estudantado. O número de prazas é insuficiente nos horarios de entrada e saída das clases, as rutas non pasan por todos os núcleos de poboación. Todo isto está a repercutir en aspectos clave coma a igualdade de oportunidades no acceso á educación superior, obrigando a moitos estudantes a desprazarse en coche ou a buscar alternativas residenciais.

En conxunto, no Baixo Miño comparten unha problemática común de infraestruturas e servizos de transporte insuficientes para garantir o acceso

CSV: REXPG-cfiuDc9sv-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:55:17
Nº Rexistro: 35112
Data envio: 30/09/2025 11:55:17.066

eficaz á Universidade de Vigo e aos hospitais de referencia na Área Sanitaria de Vigo. Esta situación demanda unha planificación coordinada e unha mellora urxente do transporte interurbano, especialmente en termos de frecuencia, rutas directas e conexións adaptadas aos horarios sanitarios e académicos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como ten pensado abordar a Xunta de Galicia a mellora do transporte público no Baixo Miño para garantir conexións máis directas, frecuentes e adaptadas ás necesidades da poboación e dos centros educativos e sanitarios?

Santiago de Compostela,  29 de setembro de 2025

CSV: REXPG-cfiuDc9sv-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:55:17
**Nº Rexistro: 35112**
Data envío: 30/09/2025 11:55:17.066

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 11:54:37**
**Carlos López Font na data 30/09/2025 11:54:55**

CSV: REXPG-cfiuDc9sv-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:55:17
**Nº Rexistro: 35112**
Data envio: 30/09/2025 11:55:17.066

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:55:17**

**CSV:** REXPG-cfiuDc9sv-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 35006(12/POP-005052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa autonomía da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo respecto da Universidade de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 265f2, 08.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 16:30:05
Nº Rexistro: 35006
Data envío: 29/09/2025 16:30:05.123

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 29/09/2 16:28
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo.

Asinado o día 29/09/2025 ás 16:28
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo leva máis de 50 anos formando profesionais cualificados para o sistema público galego, sendo referente sanitario e académico no territorio, con alta demanda e recoñecemento.

A integración actual proposta pola Xunta e a USC implicaría converter o centro nunha sección subordinada á Facultade de Santiago, o que suporía perda de autonomía organizativa, capacidade de xestión e peso para Lugo como cidade universitaria.

Os colexios sanitarios, profesorado, Academia Galega de Enfermaría e administración local coinciden en que a Escola debe manter estrutura independente, adaptada á realidade sanitaria e social da provincia. Outras universidades do Estado manteñen escolas e facultades duplicadas sen problema, polo que non existe impedimento académico nin legal para conservar autonomía en Lugo.

Asinado o día 29/09/2025 ás 16:28
Por Montserrat Valcárcel Armesto

A perda de autonomía sería un risco real a medio prazo para a supervivencia do centro, dificultando a súa eventual evolución cara a facultade propia. Ademais a súa conversión en sección suporía a perda de autonomía organizativa e de xestión, tamén unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, unha maior dificultade para adaptarse á realidade sanitaria da provincia e un posible

CSV: REXPG-dlsfMd4cn-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto o goberno galego para garantir que Lugo manteña a súa Escola Universitaria de Enfermaría como centro autónomo, evitando que se converta nunha sección subordinada a Santiago?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-disfMd4cn-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 16:30:05
Nº Rexistro: 35006
Data envío: 29/09/2025 16:30:05.123

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/09/2025 16:28:31**
**Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2025 16:28:39**
**Daniel Castro García na data 29/09/2025 16:28:46**

CSV: REXPG-disfMd4cn-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 16:30:05
Nº Rexistro: 35006
Data envio: 29/09/2025 16:30:05.123

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 16:30:08**

CSV: REXPG-disfMd4cn-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.3 37117(12/POP-005307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as repercusións derivadas da renuncia do Goberno central a presentar os orzamentos xerais do Estado no que vai de lexislatura

*Publicación da iniciativa, 272f2, 22.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 17:49:03
Nº Rexistro: 37117
Data envio: 16/10/2025 17:49:03.841

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 16/10/2
17:43
Por Patricia García G
Gándara

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Sanz Arias, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Gonzalo Trenor López, Noelia Pérez López, Juan Casares Gándara, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, e Manuel Santos Costa** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno.**

A renuncia do Goberno central a presentar e/ou aprobar os orzamentos xerais do Estado no que levamos de lexislatura, coloca a Galicia e ao resto de comunidades autónomas nunha situación de incerteza, falta de estabilidade e merma de recursos, que repercute nos servizos públicos fundamentais como a sanidade, a educación ou a dependencia e tamén no desenvolvemento das infraestruturas estatais pendentes ou en execución, entre outras

Por Noelia Pérez López
Asinado o día 16/10/2025 ás
17:43
Por Alberto Pazos Couñago

Por todo o dito, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego das repercusións que ten a non presentación dos orzamentos xerais do Estado no que levamos de lexislatura?

Santiago de Compostela, 16 de outubro 2025.

Asinado o día 16/10/2025 ás
17:43
Por Cristina Sanz Arias

CSV: REXPG-zS5bZckMq-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 17:49:03
Nº Rexistro: 37117
Data envío: 16/10/2025 17:49:03.841

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Sanz Arias na data 16/10/2025 17:43:01**
**Alberto Pazos Couñago na data 16/10/2025 17:43:12**
**Patricia García González na data 16/10/2025 17:43:48,16/10/2025 17:45:44**
**Gonzalo Trenor López na data 16/10/2025 17:44:25**
**Noelia Pérez López na data 16/10/2025 17:44:41**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 16/10/2025 17:44:55**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/10/2025 17:45:03**
**Manuel Santos Costa na data 16/10/2025 17:46:02,16/10/2025 17:46:45**

CSV: REXPG-zS5bZckMq-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 17:49:03
Nº Rexistro: 37117
Data envío: 16/10/2025 17:49:03.841

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 17:49:04**

CSV: REXPG-zS5bZckMq-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.4 36432(12/POP-005249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre os datos relativos ás vivendas entregadas polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia

*Publicación da iniciativa, 272f2, 22.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:16:37
Nº Rexistro: 36432
Data envío: 10/10/2025 10:16:37.783

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Carmen Pomar Tojo
Asinado o día 10/10/2 10:15 Por José Luis Ferro Ig

**Á Mesa do Parlamento**

**María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López** e **Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Nunha recente entrevista a ministra de Vivenda e Axenda Urbana, Isabel Rodríguez, asegurou que xa se entregaron sobre 100.000 vivendas das máis de 180.000 prometidas polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante a campaña electoral.

Esta afirmación contrasta coa realidade que perciben os cidadáns, sobre o terreo, e as propias comunidades autónomas que non contan co apoio preciso da administración do Estado para facer fronte ao reto de dispoñer de máis vivendas a prezos accesibles.

De feito, en Galicia descoñecemos onde están emprazadas esas vivendas entregadas polo Ministerio, cal é o número destes inmobles posto a disposición da cidadanía e cando se fixeron efectivas a entrega de chaves aos seus propietarios ou adxudicatarios.

Parece evidente que a acción de propaganda do Goberno de España supera amplamente a realidade obviando que afrontar un problema como o da vivenda esixe sumar esforzos de todas as administracións, cada quen desde o seu marco competencial.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten constancia a Xunta de Galicia das vivendas “entregadas” polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en Galicia?

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 10/10/2025 ás 10:14 Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 10/10/2025 ás 10:14 Por María Deza Martínez
CSV: REXPG-01g8mG6Rn-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:16:37
Nº Rexistro: 36432
Data envío: 10/10/2025 10:16:37.783

PARLAMENTO
DE GALICIA

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

CSV: REXPG-01g8mG6Rn-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:16:37
Nº Rexistro: 36432
Data envio: 10/10/2025 10:16:37.783

**Asinado dixitalmente por:**

**María Deza Martínez na data 10/10/2025 10:14:44**
**Cristina Campero Dorado na data 10/10/2025 10:14:57**
**José Luis Ferro Iglesias na data 10/10/2025 10:15:10**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 10/10/2025 10:15:23**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 10/10/2025 10:15:38**
**Carmen Pomar Tojo na data 10/10/2025 10:15:52**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 10/10/2025 10:16:01**
**Gonzalo Trenor López na data 10/10/2025 10:16:10**
**Katherinie Varela Fernández na data 10/10/2025 10:16:19**

CSV: REXPG-01g8mG6Rn-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 10:16:37
**Nº Rexistro: 36432**
Data envío: 10/10/2025 10:16:37.783

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 10:16:39**

CSV: REXPG-01g8mG6Rn-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.5 35657(12/POP-005156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación do PAC e do Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal respecto do horario de atención e da cobertura de profesionais facultativos respectivamente

*Publicación da iniciativa, 268f3, 15.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:14:28
Nº Rexistro: 35657
Data envio: 06/10/2025 10:14:28.800

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á falta de de persoal médico no centro de saúde da Pobra do Caramiñal e á redución do horario do seu PAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade pública na comarca do Barbanza converteuse dende hai tempo nun *suma e segue* de cada vez máis problemas para os seus usuarios e usuarias e de cada vez máis recortes, sobre todo no referido aos recursos humanos, que non permite manter unha calidade asistencial acaída nin de calidade.

Á eterna falta de persoal facultativo no centro de saúde de Ribeira e ás deficiencias continuadas dos consultorios de Palmeira, Corrubedo ou Aguiño, engádeselle a mingua de servizo tamén no de Rianxo e, agora, no da Pobra do Caramiñal onde, dende hai tempo xa, a Consellaría de Sanidade tomou a decisión unilateral de reducir o horario do seu PAC e onde nos últimos meses asistimos á ausencia de médicos que empeoran o servizo e implican numerosos contratempos á súa poboación.

Así, o servizo de urxencias que se viña prestando continuadamente dende hai anos, pasou a estar aberto de luns a venres só de 22,00 a 8,00 h., os sábados de 15,00 a 8,00, realizando as urxencias de mañá o propio persoal do centro, que se turna para cubrilos e, os domingos e festivos, as 24 horas. Como consecuencia, os e as pacientes da Pobra son derivadas ao PAC do centro de saúde de Ribeira de luns a venres, de 15,00 a



Asinado o día 06/10/2025 ás 10:12
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 06/10/2025 ás 10:12
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-boeg43xq2-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:14:28
Nº Rexistro: 35657
Data envío: 06/10/2025 10:14:28.800

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

22,00 h, que ve aumentada considerabelmente o número de pacientes que atende sen que se reforce o seu persoal.

A isto, sumamos agora a perda, aínda non substituída, de dous facultativos nas últimas semanas, do total de seis que ten asignados o centro de saúde, máis outro que permanece de baixa dende hai máis tempo e cuxo cupo repartiuse entre o resto de profesionais. En definitiva, 3 de 6, o 50% do cadro de persoal médico para atender á mesma poboación, que ademais ten que desprazarse a Ribeira para ser atendida dunha eventual urxencia en horario de tarde durante a semana.

En definitiva, un agravamento progresivo das circunstancias que prexudica a saúde colectiva e que incide, cada vez máis, na saturación duns profesionais xa sobrecargados e nunha demora na atención que a cidadanía pobrense non está disposta a normalizar e diante da que xa ten amosado as súas queixas e o seu malestar sen que, polo de agora, obtivera resposta por parte da administración sanitaria.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai reverter o Goberno galego a situación cada vez peor na que mantén á cidadanía da Pobra do Caramiñal e aos profesionais do seu centro de saúde por mor da importante falta de persoal facultativo e de redución do horario do PAC?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-boeg43xq2-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:14:28
Nº Rexistro: 35657
Data envio: 06/10/2025 10:14:28.800

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 10:12:34**
**María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2025 10:12:47**

CSV: REXPG-boeg43xq2-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 10:14:28
Nº Rexistro: 35657
Data envio: 06/10/2025 10:14:28.800

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 10:14:29**

CSV: REXPG-boeg43xq2-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.6 35892(12/POP-005180)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus da provincia de Ourense

*Publicación da iniciativa, 268f3, 15.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:59:30
Nº Rexistro: 35892
Data envío: 07/10/2025 13:59:30.107

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 07/10/2 13:56 Por Silvia Longueira C

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Ourense é, segundo todos os indicadores demográficos, a provincia galega máis envellecida e a segunda de toda España. Este dato, que se mantén e mesmo se agrava ano tras ano, debería traducirse en políticas públicas específicas e en medidas de discriminación positiva, especialmente nos ámbitos sociosanitarios directamente vinculados co envellecemento e coa cronicidade.

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:56 Por Elena Espinosa Mangana

O ictus constitúe unha das principais ameazas sanitarias para a poboación de maior idade. É a segunda causa de morte a nivel mundial**,** a primeira causa de discapacidade adquirida en adultos e a segunda de demencia. As estimacións internacionais prevén un incremento da súa incidencia en máis dun 40 % nos próximos 20 anos**,** debido fundamentalmente ao avellentamento poboacional e ao aumento de factores de risco asociados.

Porén, Ourense continúa a ser a única provincia galega que non dispón dunha Unidade de Ictus operativa as 24 horas do día, os 365 días do ano**,** o que obriga a derivar a pacientes con ictus grave cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para a realización de trombectomías mecánicas ou outros procedementos de neurorradioloxía intervencionista. Esta situación supón unha perda de tempo asistencial crítico, pois as primeiras horas tras o ictus son determinantes para a supervivencia e para as posibilidades de recuperación funcional.

Asinado o día 07/10/2025 ás 13:56 Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REXPG-BmQ7T4hVs-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Os profesionais sanitarios levan tempo alertando desta carencia.

A Xunta de Galicia anunciou en 2023 a súa intención de crear unidades de ictus nas provincias de Lugo e Ourense, mais ata o momento non se concretou a posta en marcha efectiva da unidade ourensá**,** nin existe calendario claro, nin se coñecen con detalle os recursos humanos, materiais ou orzamentarios asignados. A demora nesta actuación resulta inxustificable, máis aínda tendo en conta a vulnerabilidade demográfica e sanitaria da provincia.

A creación dunha unidade de ictus no CHUO non é unha cuestión de luxo nin de oportunidade política, senón unha obriga sanitaria, que responde aos principios de equidade, igualdade territorial e atención sanitaria en condicións de igualdade para toda a cidadanía galega.

Por todo o exposto, considérase necesario instar á Xunta de Galicia a adoptar con urxencia as medidas necesarias para poñer en funcionamento unha unidade de ictus permanente e completa en Ourense**,** que dispoña dos recursos humanos, técnicos e orzamentarios precisos para garantir unha atención integral, coordinada e de calidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Cal é o calendario previsto pola Xunta de Galicia para a posta en marcha efectiva da unidade de ictus na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2025

CSV: REXPG-BmQ7T4hVs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:59:30
Nº Rexistro: 35892
Data envio: 07/10/2025 13:59:30.107

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/10/2025 13:56:17**
**Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 13:56:26**
**Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 13:56:36**

CSV: REXPG-BmQ7T4hVs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 13:59:30
Nº Rexistro: 35892
Data envio: 07/10/2025 13:59:30.107

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 13:59:30

CSV: REXPG-BmQ7T4hVs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.7 37702(12/PUP-000161)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a situación do Centro de Saúde de Pontecarreira, do concello de Frades, en canto á continuidade diaria da atención médica presencial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:34:45
Nº Rexistro: 37702
Data envío: 27/10/2025 17:34:45.636

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

### Xustificación da urxencia

**A urxencia desta pregunta vén dada pois o centro de saúde de Pontecarreira, pertencente ao Concello de Frades, vén tendo un funcionamento anormal dende hai xa meses. Fai algo máis de un ano as veciñas e os veciños xa protestaron pola asistencia intermitente da facultativa de atención primaria, tendo en conta ademais que estamos a falar dunha poboación envellecida no eido rural.**

**Dende hai máis de dous meses vense producindo esta intermitencia que é unha práctica habitual, durante estes últimos meses acontece novamente que o centro de saúde pasa varios días á semana sen a presencia do médico asignado.  Ese feito especialmente grave cunha poboación envellecida e con doenzas cronificadas.**

**O pasado sábado 25 de outubro as e os veciños manifestáronse diante do centro de saúde xunto coas tres forzas políticas que conforman o Concello (incluso o alcalde estaba presente alí coa veciñanza).**

Asinado o día 27/10/2025 ás 17:34
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 27/10/2025 ás 17:34
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REXPG-QeQVAZJlk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente:

Cando ten pensado a Consellería de Sanidade restituír a normalidade da atención médica diaria presencial no Concello de Frades?

Santiago de Compostela, a 27 de outubro do 2025

CSV: REXPG-QeQVAZJlk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:34:45
Nº Rexistro: 37702
Data envio: 27/10/2025 17:34:45.636

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 27/10/2025 17:34:13**

**Elena Espinosa Mangana na data 27/10/2025 17:34:19**

CSV: REXPG-QeQVAZJIk-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:34:45
Nº Rexistro: 37702
Data envio: 27/10/2025 17:34:45.636

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:34:46**

**CSV:** REXPG-QeQVAZJlk-3
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.8 37705(12/PUP-000162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre os atrasos do Hospital Comarcal de Valdeorras na realización de mamografías e ecografías de mama

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:58:29
Nº Rexistro: 37705
Data envío: 27/10/2025 17:58:29.662

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a falla de medios e o atraso na realización de mamografías e ecografías de mama no Hospital de Valdeorras e o traslado de usuarias ao Hospital de Ourense.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia motívase na fonda preocupación social xerada no distrito sanitario de Valdeorras pola grave situación sanitaria diante da falla de medios e o atraso na realización de mamografías e ecografías de mama no Hospital de Valdeorras e o traslado de usuarias ao Hospital de Ourense.

**Exposición de motivos**

A situación sanitaria de Galiza é grave, e Valdeorras non é allea a esta situación, máis ben as usuarias e os usuarios están peor. O Hospital de Valdeorras atópase nunha situación límite e a cidadanía ten que estar dia si e día tamén manifestándose na súa defensa para evitar o seu desmantelamento.

A esta situación engádese un problema grave de falla de comunicacións coa cidade de Ourense a que son derivados os usuarios da sanidade pública. As distancias dende Valdeorras até o Hospital de Ourense está nuns 120 km e o tempo de desprazamento é dunha hora e media en transporte privado, xerando importantes trastornos ás usuarias da sanidade pública desta comarca, e xa nin se menciona a falla de transporte público.

Asinado o día 27/10/2025 ás 17:58
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: REXPG-TEuaOHT7w-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:58:29
Nº Rexistro: 37705
Data envío: 27/10/2025 17:58:29.662

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O último problema do noso hospital de referencia e da atención médica que se presta nel saltou aos medios de comunicación nestes días. Segundo os datos publicados cada ano, 168 mulleres de cada 100.000 son diagnosticadas en Ourense por cancro de mama. Así na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras detectáronse 266 casos no 2024. Os datos reflicten que se trata da segunda provincia de todo o Estado coa maior taxa de incidencia

Agora resulta que mulleres do distrito de Valdeorras teñen que ir facer as mamografías con ecografías ao hospital de Ourense. Un problema que se estaba a producir dende hai tempo e que demostra a grave falla de atención no ámbito deste distrito sanitario. Un problema con tinguiduras de discriminación cara as mulleres. Esta nova de grande transcendencia trae consigo unha grande preocupación aos usuarios do hospital de Valdeorras e tamén a todas as veciñas e veciños da comarca e do distrito sanitario.

A Consellería de Sanidade non tomou ningunha medida ante as queixas das mulleres que teñen que trasladarse tres horas en vehículo propio ou facer un recorrido en transporte público de tempo indeterminado para someterse a unha proba. Unha proba por outra banda, necesaria e obrigatoria para previr ou diagnosticar un dos cancros máis comúns e que afecta maioritariamente as mulleres.

A Consellería de Sanidade e o SERGAS tampouco explicaron os motivos desta situación, nin que problemas existen para aplicarlles ás mulleres de Valdeorras tremendo castigo, o por que desta actuación en detrimento dunha atención publica e de calidade a poboación deste distrito sanitario e do hospital público do Barco de Valdeorras.

Ao BNG parécenos realmente vergoñento que a Consellería de sanidade da Xunta gobernada do PP teña ao hospital de referencia desta importante comarca sen este servizo tan necesario para unha adecuada asistencia sanitaria.

CSV: REXPG-TEuaOHT7w-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:58:29
Nº Rexistro: 37705
Data envio: 27/10/2025 17:58:29.662

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante este despropósito, dende o Bloque Nacionalista Galego e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Valdeorras esiximos a Xunta de Galiza, a Xunta do PP que reverta dun xeito urxente este despropósito en contra das mulleres do noso distrito sanitario

Diante desta situación tan grave, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Como explica o conselleiro de Sanidade da Xunta de Galiza esta situación e como vai solucionar estas eivas no referente a ecografías e mamografías no Hospital de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025

CSV: REXPG-TEuaOHT7w-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:58:29
Nº Rexistro: 37705
Data envio: 27/10/2025 17:58:29.662

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 27/10/2025 17:58:14**

CSV: REXPG-TEuaOHT7w-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:58:29
Nº Rexistro: 37705
Data envio: 27/10/2025 17:58:29.662

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:58:30**

CSV: REXPG-TEuaOHT7w-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.11.2025        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.9 34827(12/POP-005021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre o anuncio do Goberno de España referido á presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra a normativa galega que regula a homologación da discapacidade coa situación de dependencia recoñecida

*Publicación da iniciativa, 263f2, 01.10.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:22:51
Nº Rexistro: 34827
Data envío: 25/09/2025 18:22:51.034

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Rio, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández** e **Magdalena Pérez Millares,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Consello de Ministros vén de aprobar un acordo polo que solicita ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei galega 5/2024, de medidas fiscais e administrativas, polos artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

Esta non é a primeira vez que o Executivo central pon en cuestión a iniciativa lexislativa de Galicia diante do Tribunal Constitucional. Recentemente presentou recurso contra a Lei do Litoral -onde remataron por dar a razón á Xunta- e agora o pretexto é poñer en dúbida o contido e alcance do plan de axilización da dependencia e da discapacidade.

O Goberno central xulga como inconstitucional a homologación do recoñecemento da discapacidade a persoas con dependencia. En particular, cuestiona que este procedemento se realice sen facer unha valoración previa.

Cómpre lembrar que a admisión por parte do Tribunal Constitucional deste recurso, suporía a suspensión automática deste normativa, cuxa aplicación xa beneficiou a máis de 9.300 galegos no que vai de ano.

É sorprendente que o Executivo do señor Pedro Sánchez poña a súa mirada nunha das medidas pioneiras que aplicou Galicia: o plan de axilización da dependencia e da discapacidade, posto en marcha en xaneiro deste mesmo ano.

A actitude do Executivo central contrasta cos seus propios actos, por exemplo cando, na última modificación da Lei de Dependencia, copiou o procedemento seguido pola Xunta, pero en menor intensidade, é dicir, concede aos dependentes de Grao 3 o 65% de discapacidade, mentres en Galicia este recoñecemento elévase ata o 100%.

A verdadeira vontade do Goberno de España coa presentación deste recurso é provocar paralizacións e retrasos nas valoracións na nosa comunidade, obrigando aos solicitantes a ter que ser valorados unha segunda vez. Un comportamento polo que o Executivo central terá que dar explicacións a todos os galegos pendentes de valorar.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Por Víctor Baladrón Lamas
Díaz
Asinado o día 25/09/2 18:21 Por Noelia Pérez Lóp
Asinado o día 25/09/2025 ás 18:21 Por Paula Prado del Rio
Asinado o día 25/09/2025 ás 18:20 Por Raquel Arias Rodríguez
CSV: REXPG-pGFnLD1GE-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:22:51
Nº Rexistro: 34827
Data envio: 25/09/2025 18:22:51.034

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia do anuncio efectuado polo Goberno de España de presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a normativa autonómica que regula a homologación da discapacidade ás persoas con dependencia recoñecida?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2025

CSV: REXPG-pGFnLD1GE-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:22:51
Nº Rexistro: 34827
Data envío: 25/09/2025 18:22:51.034

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 25/09/2025 18:20:53**
**Paula Prado del Rio na data 25/09/2025 18:21:03**
**Noelia Pérez López na data 25/09/2025 18:21:11**
**Ethel Vázquez Mourelle na data 25/09/2025 18:21:20**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 25/09/2025 18:21:32**
**Víctor Baladrón Lamas na data 25/09/2025 18:21:41**
**Nicole Grueira Fernández na data 25/09/2025 18:21:53**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/09/2025 18:22:10**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 25/09/2025 18:22:27**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 25/09/2025 18:22:37**

CSV: REXPG-pGFnLD1GE-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2025 18:22:51
Nº Rexistro: 34827
Data envio: 25/09/2025 18:22:51.034

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/09/2025 18:22:51**

CSV: REXPG-pGFnLD1GE-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/